

LOBA BRANCA

# LOBA BRANCA

Unha ópera en dous actos baseada nunha lenda popular da Serra do Courel

libreto e música:

**Brais González**

## Personaxes

**Loba:** a valorosa xefa dun clan de lobos que viven na Serra do Courel.

**Meiga:** unha vella dun pobo do Courel, da que os seus veciños pensan que é unha meiga

**El cazador:** un dos homes do pobo, que vive de cazar no monte

**A manda de lobos**

**Os aldeáns**

## ACTO I

### ESCENA 1

*Nun tempo non determinado, despois dos acontecementos que se van narrar, o cazador está sentado nunha cadeira, preto dunha mesa cun candil e unha cunca de viño. Pódese inferir que xa non vive no pobo, e nin sequera vive no Courel.*

**Narrador:**

Como boto de menos a miña terra... ¡Como boto de menos o Courel!

*(interludio)*

No Courel, as primaveras recenden a uces e menta, e o campo énchese de orquídeas. Os rellos dos xabarís xogan saltando os regatos e en calquera paseo polo monte, podes atopar raposos abesourando as tobas dos coellos e coller abruños directamente da árbore e comelos. ¡Que bos que están os abruños! Ai, a verdade é que non me perdoo ter marchado de alí... Canto o boto de menos!

## LOBA BRANCA

### *(interludio)*

E iso que non todo eran flores e froitos. Tamén había invernos... ¡Abofé que si! Os invernos máis duros do mundo, os invernos máis crueis. A neve tinguíao todo de branco, e aquel manto convertía as faldas das montañas nun lenzo baleiro. Baleiro de vida, baleiro de luz. Para algúns, baleiro de soños. E cheo de fame.

### *(interludio)*

O Courel tamén é terra de lobos. Nas montañas, fan o que queren; o bosque é seu. Durante anos, na aldea vivimos pelexando con eles; loitando por cada coello, por cada corzo que aparecía no inverno. Fixémonos moito dano, moito. Matamos decenas de lobos. Eu matei polo menos catro. Daquelas, era cazador, sabes? E eles, os lobos, claro: vingábanse; mataron as nosas ovellas, os nosos tenreiros e... incluso... (suspiro) Non se sabe que lle pasou ao pequeno Antón, o fillo cativo da Ramira... pero moitos din que o roubaron os lobos.

### *(interludio)*

Todo cambiou un día. O vello lobo xefe morreu e a manda quedou a cargo da nai dos seus cachorros. Unha grande e fermosa loba branca que liderou o clan dun xeito moi distinto a como o fixera o vello lobo. Con ela todo foi diferente: humanos e lobos comezaron a respectarse; a non entrar nas terras do outro. Os lobos quedaron nos bosques da Devesa da Rogueira e os humanos quedamos nas terras arredor da aldea.

### *(interludio)*

Pero logo chegou aquel inverno. Máis duro que ningún. Da terra non saía nada e non quedou en toda a serra nin un animal que cazar... ¡non había nada que levar a boca!. Na aldea comezamos pouco a pouco a entrar nas terras do lobo, e eles tamén comezaron a baixar cada vez máis preto da aldea. Había fame, demasiada fame e a situación non podía aguantar moito máis tempo así. Pero pouco sabíamos que aquel inverno estaba a piques de converterse en algo que íamos lembrar o resto das nosas vidas...

## ESCENA 2

*O bosque da Devesa da Rogueira. Do medio das árbores aparece camiñando con paso firme pero calmo a gran Loba Branca.*

**Loba:**

*Xa chegou o cru inverno.  
Tinguiuno todo de branco,  
agochou os verdes froitos.  
Xa chegou*

*Os coellos fuxiron  
e non quedamos na terra  
máis que uns lobos famentos  
e uns pobres “humáns”.*

*A paz é algo fráxil  
polo que tamén hai que loitar;  
que se pode romper  
en calquera luar:  
Os famentos,  
“no” entenden de paz.*

*Cada día os “humáns”  
entran máis a buscar  
o seu prato no bosque.*

*A miña “manada”  
está máis e máis famenta,  
xa non queda nin un rato que cazar.*

*Pouco a pouco, os lobos da manda comezan a aparecer no bosque, achegándose á  
súa xefa. Algúns entran cantando loas á Loba Branca, mentres que outros, con  
xesto torcido, tardan máis en achegarse.*

**Manda:**

*Loba, Loba, Branca Loba*

**Loba:**

*Meus lobos, vinde xunta min.  
O bosque xa non é lugar seguro.  
Os homes vai tempo que cruzan o bosque,  
eu sei.  
Máis temos que agardar tranquilos  
A fame axexa, é moita, eu sei.  
Máis temos que agardar unidos*

**Manda:**

*¡Non! ¡Non! ¡Non!*

*Nosa xefa, ¡escóitanos!  
Se os “humáns” entran no bosque,  
¿Onde non iremos nós?*

**Loba:**

*¡Calma, Lobos!  
Xa, xa, xa...  
Se os “humáns” entran no bosque,  
deixade que a cousa acougue,  
o inverno axiña irá.*

**Manda:**

*¡Non! ¡Non! ¡Non!*

**Loba:**

*Levou moitos anos vivir en paz  
e esquecer a guerra:  
je mentres eu viva non voltará!  
No Courel vivirán homes e lobos igual*

**Manda:**

*¡Si! ¡Si! ¡Si!  
Cara a aldea temos de ir.  
Se os “humáns” entran no bosque,  
nós iremos ata alí.*

**Loba:**

*¡Calma, Lobos!  
Se agora imos a aldea  
e ao final temos lea,  
aquí só perdemos nós.*

**Manda:**

*Loba, Loba, Branca Loba*

*A loba e a manda márchanse. Nun lado da escena, nun recuncho fóra de ese tempo  
e lugar, o cazador segue a falar na súa cadeira.*

**Narrador:**

*Na aldea vivía unha muller ben rara.*

*(pausa curta)*

Algúns dicían que era unha meiga, que era quen de falar cos animais e de facer conxuros. Eu, o único que sei, é que se pasaba o día no bosque mirando para as árbores. Moitas veces, cando ía cazar, alí estaba ela, ulindo unha flor, acariciando un carballo ou falándolle a unha raposa. Eu non sei se todas esas cousas que dicían dela eran certas. Pero o que si que sei, é que era a única que podía entrar na Devesa da Rogueira sen que os lobos a mancasen...

*Mentres o cazador remata de falar, por un lado da escena, aparece A Meiga, paseando polo bosque, placidamente pero cun aceno de melancolía: observando cada árbore, escoitando cada paxaro.*

**Meiga:**

*¡Ai, castiñeiros!*

*¡Ai, os carballos!*

*¡Ai, as froliñas e os piñeiros!*

*Ai, os morcegos...*

*Ai, as curuxas...*

*¡Ai, picafollas, ai, os merlos!*

*Vou ter que voltar á aldea,*

*vou ter que voltar pra alí*

*¡Eu por min quedaba*

*máis de mil lúas aquí!*

*Ninguén no pobo me fala,*

*Ninguén no pobo me escoita*

*cando digo que no bosque*

*están tódalas respostas.*

*Crémonos máis do que somos,*

*collemos máis do que é.*

*Así somos os humanos:*

*ruíns e crueis.*

*Este inverno tan escuro,*

*está volvéndonos tolos.*

*Que a luz da natureza*

*alumee as nosas almas e nosos corpos*

*A Meiga comeza a camiñar no sentido polo que entrou a escena, como voltando a*

## LOBA BRANCA

*casa.*

### **Narrador:**

A Natureza non alumeou nada. Aquela noite, aquela noite de Xaneiro, mentres a meiga voltaba para casa polo bosque próximo á aldea, viu algo...

*A Meiga sobresáltase. Acaba de observar algo polo bosque e trata de agocharse.*

### **Meiga:**

¿Que pasa?

¿Quen anda aí?

É ese lobo estraño, que sempre anda só.

E parece que se dirixe á aldea...

### **Narrador:**

Parece que un dos lobos non lle fixo moito caso a súa xefa. Seica hai ovellas descarreiradas en todos lados. ¡Aínda que sexan lobos! Aquela besta solitaria aproveitou as tebras da noite para entrar na aldea. Escolleu a corte máis afastada, a máis desprotexida e entrou con sixilo. O seu corpo, fraco da fame, non tivo problemas en corarse entre as barras da cancela e pararse fronte a fronte cos pobres xatos. Pobriños. Tiñan que tremer de medo. O lobo non tivo piedade: matounos alí mesmo e levounos. Seguramente, o moi desgraciado comeunos só, agochado no monte.

### *(interludio)*

Á mañá seguinte, Modesto, o dono dos tenreiros, o único que puido ver foi un rastro de sangue que saía da corte e entraba no bosque. Na aldea non dabamos crédito. ¡Eu estoupei! ¡Non tiñamos dabondo con todas as penurias daquel inverno que aínda por riba estes malnacidos entraban agora na nosa propia casa a roubar o noso alimento! Aquelo non podía quedar así. ¡Os lobos tiñan que pagar por todo isto!

## ESCENA 3

*A aldea. O cazador segue no seu recuncho, fóra do tempo da acción. Na praza do pobo comezan a chegar, de a pouco, os aldeáns.*

### **Narrador:**

Esa mesma mañá reunímonos todos na praza do pobo e decidimos organizarnos para ir a cazar á loba branca e toda a súa manda.

**Aldeáns:**

*Non queremos ós lobos,  
non queremos máis ós lobos aquí.  
Entraron nas nosas cortes,  
roubaron os nosos xatos.  
Ningún lobo debe xa vivir.*

*Mentres os aldeáns cantan, a Meiga entra na escena, mirando para eles con xesto incrédulo.*

**Meiga:**

*Non culpades ós lobos;  
eles coma nós, están a sufrir.  
Se nós imos ó bosque,  
claro que eles as cortes han de vir.*

*Escuros tempos están por vir  
As tebras tinguirán o pobo,  
se non respectamos ós que viven canda nós.*

*Os aldeáns márchanse por un lado da escena e a Meiga, pouco despois, abandónaa pola beira oposta.*

## ESCENA 4

*O bosque. O cazador segue no seu recuncho, fóra do tempo da acción. Nunha das beiras da escena, atópase a loba, queda e tensa. Non para de mirar atrás: inferimos que uns pasos máis atrás está a súa manda. Os aldeáns comezan a entrar en fila, polo lado oposto, con actitude agresiva.*

**Narrador:**

Collemos os fachos e saímos cara a Devesa. A negrura do bosque ante os nosos rostros: serios, graves, pero cheos de medo. A noite languidecía con cada paso que dábamos. Eramos como anxos de lume... ou demos de lume,.. ¡eu que sei! Todo se acendía ao noso paso. Polas beiras do camiño podía ver como as bestas da noite agochábanse cando nos vían chegar. E nós berrábamos. Berrabamos moitísimo, como para demostrar para eramos máis bravos ca eles, cos lobos. Pero tamén berrabamos para esquecer o medo. Berrabamos para crernos nós mesmos que o que estabamos a facer era o correcto.

**Aldeáns:**

*Morte ós lobos, morte ós lobos,  
¡Morte a todos eles!*

## LOBA BRANCA

*Que non quede ningún:  
¡Bulide tras deles!*

### **Loba:**

*Fuxide, meus lobos, fuxide.  
Fuxide que eu loitarei cos humanos.*

*¡Loitade!  
Ninguén entrará no meu bosque.*

### **Aldeáns:**

*¡Cazádea!  
¡Collédea!*

*Morte á loba, morte á loba,  
loitade con ela,  
que non saia de aquí:  
¡Bulide tras dela!*

### **Narrador:**

A loita foi terrible. A loba protexeu á súa manda, mandoulles fuxir e quedou soa, loitando contra nós. Canto máis nos achegábamos, máis grande parecía facerse: unha enorme loba branca plantando cara a un fato de homes armados. Eu non vira nunca cousa igual: esquivaba as balas, desfacía as redes que lle tirabamos enriba. Por fin, nun momento, Toño, o de Baldomir, conseguiu ferila nunha das súas patas traseiras. A vitoria parecía nosa, a loba xa non se podía mover.

### **Aldeáns:**

*Morte á loba.  
¡Morte! ¡Morte!*

### **Narrador:**

Un dos homes ergueu o fusil e achegouse a loba. Pero eu o detiven, non me preguntades porqué. Nese momento, sentín que a loba valía máis viva que morta. Tiñamos que levala ao pobo, encerrala e agardar. Seguramente, cando os comerciantes de pel de Ourense chegasen pola Serra, ofrecerían unha moi boa suma de cartos pola súa pel. Con iso poderíamos mercar novos xatos e provisións para o inverno. Había que ter cabeza. Como di por aí a xente, a vinganza é un prato que se serve frío.

### (interludio)

Ferida como estaba, a loba non ofreceu moita resistencia. Atámoslle as patas e levámola cara a aldea. Cando nos demos media volta e virámonos cara ao pobo,



## LOBA BRANCA

parecíame escoitar de lonxe os xemidos dos lobos, orfos de líder...

***Manda:***

*Loba, loba, branca loba.*

*O Narrador abandona a súa posición na escena.*

ACTO II

**ESCENA 5**

*A aldea. A loba está presa polos humanos. No medio da escuridade da noite, a Meiga acode ata a gaiola onde está encerrada a loba para falar con ela.*

**Meiga:**

*Non estás soa, soa non estás:  
nesta terra aínda hai xente  
que non quere o mal.*

**Loba:**

*¿Que nos pasou?  
¿Cando todo toleou?*

**Meiga:**

*Non o sei...*

**Loba:**

*Se algunha vez fun boa xefa,  
iso rematou...*

**Meiga:**

*¡Non digas iso!*

**Loba:**

*Abofé...*

**Meiga:**

*¡Loitaches polos teus!*

**Loba:**

*Non o sei, xa non sei...*

**Meiga:**

*Loba, non...*

*Ai, miña loba, tes que loitar,  
has de voltar ó bosque.  
Mentres eu viva voute axudar.*

*A manda agarda á súa raíña.*

**Loba:**

*Marcha xa, meiga,  
marcha aquí.  
Tes que loitar ti soa.  
Coida do bosque, coida dos meus,  
e tamén dos teus.*

**Meiga:**

*¡Ai, os meus! ¡Ai, os meus!  
Loba, loba, branca loba...*

## ESCENA 6

*A aldea. O narrador volve saír a escena e sitúase na súa posición, fóra da acción.*

**Narrador:**

Esa mesma noite, cando incluso a Loba e a Meiga xa durmían, todos na aldea comezamos a escoitar, moi ao lonxe, os ouveos duns lobos achegándose á vila. Paseniño, pero cada vez máis preto.

*A manda entra cantando dende fóra da escena.*

**Manda:**

*Au, au.*

**Narrador:**

Paseniño. Cada vez máis preto, ata que os ouveos dos lobos estiveron diante das nosas portas. Naquel momento eu pensei que estaba a tolear. Espertei á miña dona: ela tamén o escoitaba. Os nosos fillos entraron no dormitorio cunha cara de arrepío que eu non lles vira na vida. Saín á fiestra para ver que estaba a suceder. Cando mirei, alí non había nada. Tan só semellaba haber unhas sombras de forma estraña que se movían polo chan.

**Manda:**

*Au, au.*

**Narrador:**

Algúns homes, dende as fiestras trataron de dispararlle ás sombras para ver se calaban. ¡Coitados! Con cada disparo, os ouveos soaban máis e máis.

## LOBA BRANCA

### **Manda:**

*Au, au.*

*Loba, loba, branca loba*

### **Narrador:**

As sombras ouvearon toda a noite ata que, cos primeiros raios de sol da alborada, por fin calaron. Á mañá seguinte, ningún veciño semellaba querer saír da casa. A vila estaba totalmente deserta e só o ladrido dalgún can rompía ese silencio tan tenso e incómodo que reinaba nas rúas do pobo. Polo mediodía, tocoume irlle dar de comer e de beber á loba. Enchinme de valor e saín a rúa. Mentres camiñaba, podía sentir as miradas invisibles dos meus veciños por cada ferrollo e por cada oco entre os listóns das persianas.

*(pausa curta)*

Cheguei xunto á loba. Miroume cun aceno que non souben comprender. Como de mágoa, pero moi intenso e firme. Non sabía se buscaba compaixón, ou se era ela a que sentía compaixón por min. De a pouco, a loba púxose a ouvear moi suavemente. Se non fora porque iso son cousas de bruxaría, eu xuraría que estaba a dicirme algo. Algo que eu non conseguía entender...

### **Loba:**

*Au.*

*Cos primeiros compases, antes de que a loba comece a cantar, o narrador abandona a súa posición extemporal e entra no tempo da acción, situándose en fronte da loba. Cando a loba remata de cantar, volve á súa posición orixinal e senta na cadeira.*

### **Narrador:**

Esa noite, a segunda noite da loba no pobo, volveron os ouveos. Volveron as sombras.

### **Manda:**

*Au, au.*

### **Narrador:**

Pero esta vez, pouco a pouco, os ouveos comezaron a ser máis e máis fortes. Xa non se escoitaban nas rúas: comezaron a escoitarse dentro das casas. A miña dona, os meus fillos e mais eu, xuntámonos no salón tremendo de medo. Os ouveos entraban pola cheminea e as sombras dos lobos comezaron a atravesar o comedor. Fóra, o son dos lobos xuntábanse cos berros da pobre xente da aldea. Algún non o soportou máis e tirouse pola fiestra da casa.

***Manda:***

*Au, au.*

**Narrador:**

O fin do mundo. Aquilo era o fin do mundo. ¿Non ía parar nunca? Semellaba que a aldea ía asolagarse na súa propia tolemia. Eu nunca me tiven como unha persoa afouta, nin como un salvador, pero tampouco son un coitado, sabes? Naquel momento, nin sequera pensaba na aldea, estaba a pensar na miña familia. No medio da tolemia da noite pensei: “isto todo que está a suceder... é culpa da loba! Ela chamou aos espíritos do bosque para que nos fagan isto”.

*(interludio)*

Así que non o dubidei. Collín a escopeta, respirei fondo e saín da casa. Fóra, na rúa, todo estaba baleiro pero unha horripilante sinfonía de berros e ouveos enchíao todo. Camiñei rápido ata o alpendre onde encerráramos á loba. Non o pensei, non o dubidei nin un instante. Cheguei, planteime diante dela, carguei a escopeta e disparei.

*(interludio)*

Os ouveos pararon. Por un momento o silencio apoderouse da aldea. Os berros dos veciños tamén cesaron. Eu sentínme aliviado... aliviado e satisfeito. A dicir verdade, naquel momento, aínda coa escopeta quente na man, mesmo pensei que era un heroe.

Saín do alpendre e comecei a camiñar cara á miña casa. Ao virar a rúa que leva á igrexa. os ouveos voltaron, moi ao lonxe.

***Manda:***

*Au, au.*

**Narrador:**

Alixerei o paso, tentando manter a calma, para non correr. Pero os ouveos eran cada vez máis fortes e aínda que eu trataba de ir mirando só á fronte, nos muros das casas parecíame comezar a ver as sombras dos lobos debuxando formas sinistras. Ao lonxe podía ver xa a porta da miña casa e non o aturei máis: tirei a escopeta ao chan e saín correndo rúa arriba, gritando e chorando como un neno pequeno. A duras penas conseguín chegar ata a porta. Estaba tan nervioso que non conseguía meter a chave na fechadura. Golpeei e rabuñei a porta ata que a miña dona abriume desde dentro. En canto puxen un pé dentro da casa tireime ao chan e quedeime alí, feito un nobelo ata que, minutos despois, os primeiros raios de sol apareceron e aquela horrible e infernal música de ouveos calou.

## ESCENA 7

*Á mañá seguinte na praza da aldea. Os aldeáns comezan a chegar, saíndo desde ambos os lados da escena, e amoreándose no medio. Están nerviosos e inquietos.*

**Narrador:**

Á mañá seguinte, a moitos non quedou máis remedio que saír por fin de casa. Decidimos reunirnos todos na praza do pobo. Ninguén sabía que estaba a pasar. ¿Era bruxería? ¿Caera sobre a aldea unha maldición, un meigallo, ou algo así? ¿Ou sería que todos toleáramos de súpeto e non eran máis que alucinacións nosas?

*Mentres os aldeáns comezan a cantar, o narrador abandona a súa posición extemporal e entra na acción.*

**Aldeáns:**

*Medo no corpo,  
medo na aldea,  
¿Que pasará esta noite?*

*¿Son iso lobos?  
¿Son iso demos?  
¿Voltarán esta noite?  
¿Voltarán eses lobos? ¿Demos?  
¿Que faremos á noite, cando cheguen os lobos? ¿Demos?*

**Meiga:**

*Ai, ¿Que decides? Non hai ningún demo.  
Foi vosa culpa, por apresar á loba.  
Ti, cazador. ¿Que fixeches?  
Escuras noites tinguirán o pobo  
se non arranxas o teu erro.*

**Narrador:**

¿Que dis? ¡Bruxa! Seguro que todo isto é cousa túa. ¿Onde estabas onte á noite? Non che escoitei gritar, non che escoitei en toda a noite... ¿non tiñas medo? ¿Será que ti tes algo que ver en todo isto?

*A Meiga ignora as últimas palabras do cazador e diríxese a el tranquilamente.*

**Meiga:**

*Hai que levar á loba ó bosque.*

*Facer unha cama con pólas de teixo  
e deitala alí no luar.*

**Narrador:**

¡Cala xa! ¡Cala, meiga! Vós escoitádelas? Temos que facer algo, vai acabar con todos nós, Vainos a matar! Quérenos matar!

**Aldeáns:**

*Cala xa, tola*

*Cala xa, meiga*

*¿Onde ías onte á noite?*

*Sempre no bosque...*

*¿Es ti o demo?*

*¡Deixa en paz esta aldea!*

*¡Imos xa encerrala!*

*¡Imos xa encerrala, que a culpa é só dela!*

*Que a culpa é só dela, meiga tola, deixa a aldea.*

*Mentres os aldeáns terminan de cantar, o narrador volve á súa posición extemporal, fóra da acción.*

**Narrador:**

No medio de toda esa liorta, todos o tivemos claro: a Meiga era culpable. Non era unha das nosas, seguro que estivera do lado dos lobos todos estes anos e seguro que todas estas maldicións e meigallos tiñan algo que ver con ela. Había que encerrala e asegurarse de que non molestase máis mentres nós decidíamos que facer. Volvín á miña casa, encerreime no cuarto e senteime ao bordo do leito. Non é que eu pensase que nada do que pasara era culpa miña, pero algo dentro de min facíame sentir responsable. Responsable de solucionalo, polo menos. Estaba claro que se despois de matar á loba, o pobo seguía maldito, significaba que o causante dos nosos males seguía no bosque. Quizais ese poder escuro non o tiña a loba branca, senón a manda toda. Había que acabar con todos eles...¡tiña que matar a cada un dos lobos da Devesa da Rogueira!

## ESCENA 8

*O bosque.*

**Narrador:**

Si, xa sei: iso non é tarefa para un home só. Debería falar co resto de cazadores e volver organizar unha batida, non?. Pero, ¿que ía facer? Toño, dende que lle disparou á Loba non era o mesmo; andaba “apocado” polo pobo. Vicente xa despois do da primeira noite, tremía de medo polos recunchos da aldea e Lois saltara pola xanela

## LOBA BRANCA

a noite anterior. Non, non: isto tíñao que facer eu só. Era un auténtico suicidio, si, pero naquel intre eu estaba cheo de... non sei de que... (suspiro) O que sucedera a noite anterior afectárame moito. ¡A miña propia muller vírame chorando como un neno, aniñado na entrada da nosa casa! Isto xa non tiña que ver só cos lobos. Era a miña virilidade a que estaba en xogo.

### *(interludio)*

Saín ás agochadas do pobo, camiñei e camiñei só ata chegar á Devesa. É un sitio sombrío; no medio dos seus bosques, as árbores son tantas e son tan altas que apenas deixan pasar a luz do día. Tratei de ir con coidado, devagariño e con sixilo, camiñando entre as árbores, atento a cada sombra e a cada son que saía do chan, cuberto de neve e de pólas. Ás veces, unha donicela ou unha fuíña, non sei moi ben que era, pasaba a toda presa entre os meus pés e dábame uns sustos horribles. ¡Non estivera tan tenso e tan nervioso en toda a miña vida! Pouco máis e rompo a escopeta pola metade de tan forte que a estaba a agarrar. E entón, unhas árbores máis aló, as pisadas no chan soaron diferente. Iso non era unha fuíña. Quedei inmóvil, e sen virar o pescozo, dirixín o ollar cara a aquelas árbores. A sombra dun lobo apareceu entre a boscaxe, ¿Que estaba a facer? ¿Escondíase ou me estaba seguindo? ¿Quería fuxir ou me ía a atacar? O lobo virou a cara e cravou os seus ollos en min. ¡Era el! ¡¡Era el!! Esa mirada ruín, chea de maldade... ¡El tiña que ser o lobo que matou os tenreiros de Modesto a semana pasada!

### *(interludio)*

A miña faciana debeu cambiar de súpeto porque o lobo, dun segundo para outro, deixou de mirarme e saíu correndo. Eu levantei a arma e disparei. Disparei tres veces pero non lle dei ningunha. O lobo desapareceu entre as árbores e eu quedeime alí, parado, aínda tremendo. Creo que foi nese intre cando me dei conta do erro que cometín indo alí só. ¿Sabes como é ese momento no que, antes de que suceda algo malo, ti xa estás seguro de que vai suceder? Dentro do bosque comezaron a escoitarse cada vez máis pisadas. Si, os disparos alertaran ao resto da manda e todos viñeran a por min. Mirase onde mirase, en todo sentido, sombras de decenas de lobos íanse formando entre os freixos e os bidueiros.

*Os lobos comezan a entrar en escena, cantando.*

**Manda:**

*Au.*

*Mentres o narrador empeza a falar, a manda segue cantando.*

**Narrador:**



## LOBA BRANCA

Deixaron de ser sombras e apareceron ante min. Podía ver nas súas caras a fame acumulada do cru inverno, pero tamén a sede de vinganza. Os seus cabeiros retrincaban e con cada novo paso, eu escoitaba máis preto os seus graves e roucos gruñidos. Todo estaba perdido. ¿Para que me serviu ser tan fachendoso? Ía morrer alí, no medio do bosque, devorado por unha manda de lobos, despois de matar á súa xefa. Rezaba xa as poucas oracións que me sabía cando de súpeto...

*A Bruxa entra subitamente na escena, dirixíndose aos lobos.*

**Meiga:**

¡Non! ¡Quietos! ¡Atrás!

**Narrador:**

A Meiga. Alí apareceu a meiga para salvarme. Non vos podedes imaxinar como me sentín nese momento: a mesma vella tola á que levaba repudiando toda a vida estaba a salvarme a vida. A mesma á que, unhas horas atrás, axudara a engaiolar. Co seu berro, todos detivéronse. Mentres eu seguía alí petrificado, coa escopeta na man, ela foise achegando aos poucos aos lobos e pareceu que comezaba a falarlles. Eu só podía escoitar ouveos e ruídos sen sentido, pero a manda parecía entender o que a Meiga lles dicía, e mesmo respondíalle.

**Meiga e Manda:**

Au.

*Mentres a Meiga remata de cantar, os lobos abandonan a escena e o narrador deixa a súa posición fóra da acción e achégase á Meiga.*

**Narrador:**

¿Que fixeches? ¿Por que o fixeches?

**Meiga:**

Unha morte máis non é a solución.

**Narrador:**

Pero nós encerrámosche... ¡Eu mesmo che engaiolei! ¿Como fixeches para escapar?

**Meiga:**

O bosque axuda a quen lle axuda...

**Narrador:**

¿Que imos facer agora?

**Meiga:**

## LOBA BRANCA

Hai que traer á loba ó bosque.  
Facer unha cama con pólas de teixo  
e deitala aquí no luar.

*(silencio)*

*O narrador volve en silencio cara á súa posición fóra da acción.*

### **Narrador:**

Fíxeno, si. Non había xeito de negarse, como non había forma humana de explicar o que acababa de acontecer no bosque. Despois de todo o que pasara, eu xa non quería respostas, nin entender nada. Eu só quería que todo rematase e poder volver vivir en paz. Así que a Meiga e máis eu volvemos á aldea. Sen que ninguén nos vise, entramos no alpendre, recollemos o corpo da loba e levámolo de novo ao bosque. Polo camiño, mentres eu cargaba, a Meiga ía recollendo cantas pólas de teixo atopaba. Chegamos á Devesa da Rogueira e buscamos o único claro que había no bosque. Construimos un leito de ramas, pousamos á loba sobre el e fómonos a agochar detrás das árbores. Aos poucos, os lobos comezaron a chegar...

### **Manda:**

Loba, loba, branca loba

### **Narrador:**

Segundo ían chegando, os lobos deitábanse no leito de teixo, arredor da súa xefa.

### **Manda:**

Loba, loba, branca loba

### **Narrador:**

Máis dunha ducia de lobos aniñáronse xunto á súa ama, formando un xigantesco nobelo gris e prata. Nese momento, o ceo escureceuse aínda máis e do centro dos lobos, un gran feixe de luz branca comezou a agromar, subindo ata as estrelas.

*(interludio)*

Do medio da luz, puidemos ver como a loba, relucente e fulgurante, levantouse e comezou a camiñar. Camiñou lentamente cara ao mesto bosque e antes de irse, parou ante nós. A última vez que iso pasara, a última vez que tivera á loba diante, eu tiña unha escopeta na man e estaba a piques de disparar. A miña mirada cravouse na da loba e derrubeime. Caín de xeonllos fronte a ela, sen deixar de mirala. Nese momento souben que, unhas noites atrás, cando fora a darlle de comer ao alpendre, a súa mirada era de compaixón. Compañón por min e por todos nós, polo que estábamos a facer. Miroume do mesmo xeito, pero nos seus brillantes ollos puideron ver esta

vez un raio de perdón. A loba deuse a volta e ouveou docemente.

**Loba:**

Au

**Narrador:**

Tralo seu ouvido, o resto de lobos levantáronse aos poucos e fóronse achegando á súa xefa. Cando estiveron todos xuntos, a loba seguiu camiñando e toda a súa manda seguiuna, desaparecendo polo bosque.

**Manda y Loba:**

Au

**Narrador:**

Nunca máis volveron. Non volveu haber lobos polo Courel en moitos anos.

Eu, pola miña banda, decidín deixar o Courel. Non agardei nin un día: á mañá seguinte collín á miña familia e mudámonos todos a Lugo. Xa tivera suficiente; aquela terra parecía estar maldita e enfeitizada. Pensei que na cidade esquecería tamén todo o que pasara aqueles días de inverno. Pero a verdade é que non o fixen: non hai nin unha soa noite desde entón na que non soñe cos grandes ollos da Loba Branca cravándose nos meus.

*(interludio)*

Poucos anos despois daquilo, a Meiga morreu; din que non volveu ser a mesma desde que desapareceron os lobos; que foi murchando aos poucos ata que apagarse por completo.

*(pausa curta)*

Todos os veráns, en Agosto, volvemos ao Courel, a visitar aos parentes que aínda nos quedan. E sempre que estou por alí, un dos días saio a pasear só, vou ata a Devesa da Rogueira e busco o claro do bosque onde todo sucedeu. Collo unhas ramas de teixo, póñoas no centro e quédome esperando, a ver que sucede. Nunca pasa nada. Sei que non vai pasar nada. Pero cando volvo cara o pobo e abandono o bosque, paréceme comezar a escoitar ao lonxe os mesmos ouveos suaves e distantes que escoitei aquel último día. A grande Loba Branca e a súa manda seguen alí, na Serra, coidando do bosque e, quen sabe, se coidando de todos nós.